

# O álbum da derrota

Daniel ASOREY VIDAL

## I

Ao te mirar contemplamos unha nación que non acorda. Un mundo que falece. As feridas infinitas que te matan. Dende todos os outeiros habemos escoitar os teus laios angustiosos. Desesperados. Enlouquecidos pola dor. Morrendo aos poucos. Nai enferma. Porque no mar hai borranchos de tinta chinesa. Manchóns que ensucian a alma nosa. País tan canso... Namentres, un cheiro insoportable agoira que han chegar máis ondas de alcatrán. Logo quizais non quede nada. Tan só o bruar do vento sobre o inferno... Con todo, no paseo de madeiras ennegrecidas hai unha muller enloitada que observa o mar. É unha anciá que ten comestas as entrañas. A súa cara está cortada polo salitre de demasiados invernos. Cos seus ollos cincentos contempla o enxame de mariñeiros que desfalece alí embaixo. Onde hai un caldeiro? Alguén ten auga? Que busquen colectores! Cando se ha acabar este mar de marmelada? A muller chámase Elisa e observa o chapapote sobre as ondas. Como un monstro pánfilo que agarda cubrilo todo. Os ollos case grises dela confundíronse de sempre co mar que traballou. O seu corpo está ferido de andar á seca. Labrando a auga. Pacientemente. Sentindo a humidade que lle roía os ósos. Apañando ameixas e berberechos. Aturando con afouteza o frío do nordés. A chuvia interminable. Agora chora. Acabouse o mundo, moumea. E para iso van aló os seus defuntos? A muller sabe que o mar é o cemiterio máis grande da Nación. Cruces ao pé dos máis terribles cantís. Un inmenso camposanto de auga que alguén se empeña en asfaltar. E non é de lei enzoufar a tumba dos valentes. A muller ten a razón dos areaís, das gaviotas que meditan. Velaí que as súas bágoas sexan a morte dunha estirpe. Recordos do sal transmitido polos entregos desta tribo. Hidrocarburo para todos!

## II

María espertara estarecida. O cheiro batera contra o seu leito como unha náusea. Erguérase aínda

durmida. Mareada. Cando asomara á ventá morreran por dentro as esperanzas. Os cristais estaban manchados por linguas negras. Como vómitos de morte. O mar formidable apodrecera nun marrón por veces absolutamente escuro. A casa que herdara dos seus pais dominaba directamente un océano invencible. Escumas de sempre branquísimas. Fortalezas innegables. Agora era un miradoiro á desolación. María volvera á vila despois de estar fóra moito tempo. Viñera case coa morte do papá. Quizais para evitar que as nasas do Alberte, o da Catreñeira, deixasen de atrapar os polbos máis fermosos. Cando rapaza, María non entendía aquilo. Era unha nena que soñaba con avenidas ateigadas de coches velocísimos e Delimé caíaselle enriba. Cun mar que lle pesaba. Unha natureza que a facía desaparecer na nada, ocupando o centro do universo. Por iso marchara cara á cidade. E logo máis lonxe. Á capital... Alí ata chegara a facer guións para unha teleserie. Mesmo lle deran algún premio polos diálogos enxeñosos que escribía. Aqueles foran anos tristes. María lembrábaos como a perda da memoria. O seu ático era o centro de reunión para unha lexión heteroxénea: actores acañados, produtores sen oficio, famosiños de ocasión... Enriba da mesa, onde escribía traizóns imposibles e incestos inevitables, mesturábanse cores de pílulas. Luns Valium branco, martes Tepazepán azul, mércores Nobritol rosa... soñar promesas químicas para acalmarse. Logo raias de coca e toneladas de café para saber que estaba. Pola súa cama pasaran amantes de todas as razas, credos e sexos. Espertaba acompañada de corpos novos. Perfís estraños. Asistía a festas onde se falaba do ultimísimo que se levaba, tomaba e pinchaba en Londres e Nova York. Ata que unha mañá de marzo mirou o ceo transparente da Meseta e decidiu volver. Respondía á chamada dun océano que lle tiraba anzois cunha forza inusitada. Aos poucos días morrera papá. Nun golpe de mar. É como se chegara a tempo para se despedir del. Arranxar as contas dunha infancia que non soubera apreciar. Todo o cariño no mundo. Bicos na entrada da conserveira na que traballaba a mamá. Laios na praia

de Pozo Pequeno, onde unha noite lle acariñaran os peitos con dedos adolescentes. Na lonxa ateigada de palabras. Berros. Blasfemias coma ríos. Recibindo a viruxe na *Salgada*, a planadora do papá. Así que decidira ficar en Delimé. Axudáralle na horta a mamá. E aprendera a ir ao mar. Coas nasas. Apañar polbos fabulosos... Na vila houbera comentarios maledicentes. Un sacrilexio. Logo non. Cando viron que levaba o sangue dos Catreiros. Sangue de mar. Coma o de calquera. De cando en vez facía unha exposición de cadros húmidos e mesmo chegou a gañar un importante premio. Viñeran xornalistas agardando reportaxes curiosas e ela repetíralles mil veces que as nasas eran a herdanza do seu clan. Un motivo máis para vivir. Nos informativos presentáranas como unha hippy ecoloxista que renunciara á fama para traballar en contacto coa natureza. E ela insistira en que non era máis que o último elo dunha maneira de estar. Os derradeiros membros dunha civilización. A súa nai sentíase orgullosa. Moito máis que cando vía o nome da súa filla escrito ao remate da novela das catro. Agora recendía a mar e algas. Como a memoria desta terra.

Así pois, aquela mañá de novembro María estourou coas badaladas da igrexa. Saíu á rúa. Un balbordo caótico percorría o aire. No chan acumulábase lava de volcáns. Había farois rotos. Céspedes convertido nunha lagoa de alcatrán. Alguén nos está bombardeando con petróleo? Ela estaba en pixama. No medio da beirarrúa. Logo, chorando mil invernos, collera o teléfono móbil e marcara: Pedro, ósme? Hai que salvar o que se poida. Chama á xente. Dentro de vinte minutos todos no peirao. Os ollos regalados observan os matices dos ocres fermosos. As columnas de luz que caen dun ceo violeta. O verde transmutado en negro. A paisaxe da derrota...

### III

Nas areas da praia organízase unha lexión de mariñeiros e voluntarios cansos. Formigas que tentan erguer unha barreira. Hai que salvar as dunas! As lagoas! Hai que parar o mar entolecido! Con area! Arrincando o chocolate de veneno que transporta. Coas nosas mans! Sós! Peitos de salitre e hidrocarburo. Cravan estacas, colocan bolsas. Fronte a eles está a desolación. Habemos salvar a herdanza dos avós! Temos que deixar algo de azul para os máis novos!

As campás tocan a rebato dende hoxe pola mañá. A televisión dicía que non viña para aquí.

Aquel goberno de ectoplasmas insistía en que unha pequena mancha fuxía espavorecida das costas. Acolloado chapapote ante unha loxística de vangarda! Pero os pesqueiros vírona por Sálvora. Como unha alfombra xigante de morte e mágoa. Pasaron por riba dela. Para cortala. Unha pizza inmensa de petróleo. E chamaron pola radio. Aquí está, se deus non o remedia. Témolala enriba. Logo de todas partes chegaron as planadoras, as dornas, as mexilloeiras. Sinos dende as igrexas. Nos informativos, as voces de lata seguían a repetir que non había perigo. Daquela por toda a ría comprenderon que só quedaban as súas mans para apañar tanta negrura. Vencendo un ataque sen medallas. E saíron. Nunha marea invencible. Loitando con trueiros, con luvas e coa perplexidade de sentirse sós. O único parapeto a tantos soños. O mar está frío. Enchoupa as veas. Cálase na alma. Ao chegar a porto alguén vai cortando as roupas de auga cunha coitela. Graxentas. Dun cheiro intenso e venenoso. Algunhas cámaras enfocan o traballo organizado dos mariñeiros que volven rebentados. Cos barcos rebordando merda negra. Alí deixaron a defensa do que é de todos. Polo peirao o petróleo é xa un manto que se pega ás botas como chicle. Elisa, a vella mariscadora que estaba no paseo, colócase diante dun dos micrófonos. Os seus ollos insultantes ollan o obxectivo como quen observa un extraterrestre. Que nos axuden! Alguén asubíalle á televisión. Son demasiadas as mentiras. Demasiadas as ocultacións. Demasiada a falta de vergonza. Estánlle rompendo a alma a este país!, berra Elisa. A Alma. Como se dixese a tibia ou o fémur. Porque a alma desta terra é algo tanxible, concreto, anatomicamente comprobable. A alma é o mar. Porque nel está o agasallo. A fartura de humidades. A despensa que tantas veces quixeron roubar...

### IV

En directo, millóns ollan atónitos a batalla que libran estes homes e mulleres. O goberno tamén. Confiaban en tantas cousas... Quizais en que só afectase a aquela deprimida zona da costa. Alí a xuventude emigrara. Eran inmensos cantís subvencionados. Calados. Xentes presas do silencio das propinas. Vencidas pola derrota presentida. Dende o seu despacho de madeiras claras, o Director Xeral recibe a chamada do Conselleiro. Que é o que está a pasar?, escoita. Que de que?, acerta a responder, nervioso. E segue ollando o impertinente informativo que transmite as imaxes da batalla. Zapea. Gracias a

deus, a eficaz canle governamental emite un resumo dos partidos de terceira rexional e as televisións públicas estatais falan da necesidade de construír exames de cadeas nas que castigar os rateiros, os drogaditos e a escoura varia que emborralla o Centro Liberal. Nalgures alguén contempla o interesante mundo da fauna africana. Será imposible ocultar isto?, pregunta o Conselleiro moi nervioso. Xa o está sendo, señor, responde o Director Xeral. Logo achégase á pantalla e observa como aquelas mulleres e aqueles homes erguen a masa visguenta coas súas mans. Parece que unha bágoa cae polas súas meixelas de político curtido. Quizais tamén el sinta o orgullo da Nación. Quizais tamén perciba o frío intenso que anuncia tanta catástrofe. Tanto insulto. Quizais presente hoxe a súa dimisión irrevogable. Quizais convoque unha rolda de prensa e desvele logo as trapalladas, as inxurias, a incompetencia... Pero non. É un simple arrefriado. Así que chama a Madrid, á sede central do Partido. É que ninguén pode facer calar eses informativos?, pregunta. Estamos niso, respóndenlle. Ímoslles dar unha boa vareada na Lei de Acompañamento. Veredes como nuns días han acalmar. Pola conta que lles ten... Deben entender que o presidente está afectadísimo... Que é unha cuestión de Estado... Xogan con lume... O Director Xeral sorrí e cambia a canle. Agora, por fin, alguén narra como avanza os labores de limpeza. Como se coordinan as administracións. Como ha chover maná do ceo gris...

## V

«A culpa, por suposto, é dos que protestan. Coas súas voces atoladas. Coas pancartas vergoñentas. Coas súas palabras de metal. Insolentes agresións verbais á orde. Desleais que politizan a catástrofe. Que iso foi: unha catástrofe. Un furacán. Un terremoto. Unha inundación a penas previsible. A culpa é tamén dos que penduran as bandeiras dende as fiestras. Insultos á tranquilidade. Ataques á convivencia. Eles xuntos organizaron este caos. Levantaron o bondadoso populacho en iras infinitas. Pero hai que ser duro. A ver: onde gastaron os millóns das camisetas que venderon? Como conseguiron enganar a tanta xente? Como ousan imprimir tantos panfletos? Avísovovos: detrás deles está o Terror. A delincuencia. O radicalismo. Que ninguén esqueza que o lobo pon a pel da ovella. Que ninguén obvие que a axitación está argallada polos que traerán o fin da civilización. Habedes espertar! Informádevos nos telexornais e veredes como organizaron esa gran mentira. Só

para atacar a aqueles que dende o principio traballamos por solucionar tanta desgracia. Valedores da decencia. Mentres nós buscabamos arranxos, eles só pensaban en boicotear as decisións deste goberno. Individuos interesados en que o caos se apoderase do País. Pero non o conseguiron. E foron desenmascarados. A culpa é súa. Esixídelles responsabilidades por tanta protesta. Por tanta inxuria. Mentres tanto aquí estamos nós. Loitando por salvarvos. Mantervos. Facervos suspirar por cada esmola...»

## VI

Na planadora María leva postas unhas luvas rosas e o traxe de augas marelo. Á súa beira está Pedro. Pedro é percebeiro. Sabe que o mar ten matemáticas infalibles. Contar de ondas. El coñecera a María xa de nena, cando a escola. El suspendía case todo pero ela era unha rapaza lista que xa se vía que ía chegar lonxe... Así que cando marchara á capital, Pedro tivérase que conformar coas lembranzas dun corpo acariñado á luz da lúa. Femia de areas. Quizais ela tamén o amara. Cando volveira, María saíra ao mar coma calquera. Agora tíñanlle respecto. Ulfa á ardora, dicían. Como o pai... Pedro observa como o corpo da muller que desexa se engouma e apaña chapapote dun só golpe. Entre os dous tiran desa masa que se adhire á auga con mil brazos. Non teñen máscaras, nin gafas, nin todo iso que dixeron na televisión que habían ter. Pero con eles vai un sangue vello. Experto nas desgracias. Naceron entre as rochas. Con cunchas contra as dedas. O que sacan púsano na planadora. Logo María chama polo móbil e vén unha mexilloeira recoller o que eles apañaron. E seguen. Horas. Ata que senten que as costas van romper e a noite cae como unha colcha de algodón. Cando volven, Pedro pasa as súas mans negras pola cara de María. Mánchaa. Ela rise. Canto recollerían hoxe?, pregúntalle ela. A decencia, respóndelle el. María mírao de novo. Coa luz que case non queda. E escíbelle no traxe de augas coa negrura desta morte uns versos fermosísimos: *Nunca esqueza a oferta que sempre che permite/ saír do labirinto das augas para a vida.* El non os pode ler e pregunta tímido: que pon, nena? Ela respóndelle: que sempre me has lembrar o día este. Na memoria dos fillos que han de vir. O farol alumea os rostros en tecnicolor. Lucecús sobre un mar café. Sorrín. Aloumiños de alcatrán. Ao pouco divisan o peirao. Alí hai mulleres que rompen os traxes de auga. Coitelas que os abren. Cámaras

que filman. Tamén está Elisa que os mira con orgullo, mentres lava con gasóleo aos mariñeiros. Todos saben que hoxe gañaron o dereito a seren libres.

## VII

Hai un sobre que chega a un despacho. Un xornalista que recibe unha chamada. Un inimigo declarado. Unha traizón a medio pagar. Miles por cobrar. Hai follas de prensa amiga convertidas en lixo venenoso. Tamén un País por rematar. Aniquilar. Xente que sinala. Ti que berras? Por que berras? Quen che deu permiso? Hai un Ancián que a penas se mantén vivo. Un home que se aferra a retratos retocados. Tamén unha corte que discute, insulta, prepara mil coitelos afiados. Promesas coma fume. Logo o xornalista abre o sobre. Vira moitos como aquel. E sempre acabaran na papeleira. Como moito ocuparan tres tertulias radiofónicas. Agora non. Os canóns sobre as cabezas. O sangue na moqueta. Reclaman a morte dun intocable. Era unha orde. Ao final volverá haber asfalto para todos! Millóns na parcelaria! Subsidios do Gran Pai! Autovías! O director afirma coa cabeza. Que saía! Enteiro?, pregunta o redactor xefe. Si! Parece que é o que queren! Eles saberán! Preto de aí, nunha estancia con paredes de cristal, o Venerable Ancián entreabre uns ollos cansos. Enxerga a ría case negra. A catedral sucia. A súa figura faille dano a un pobo que respecta a vellez. É unha sombra do que foi. O Ancián adur-

miña. De novo séntese imprescindible. Temoeiro xa sen nao.

## VIII

Se eu fose marea ou bivalvo, chamaría polo nome seu. Se eu fose alga ou estrela de mar, pouzaría na pel súa. Se eu fose airiño do nordés, gai-vota feridísima, tería as mans do mar. Os calos da batalla. A artrose das peixeiras. A afouteza de tantos mariñeiros. Se eu fose a perdida area de mil praias, o ourizo agonizante, as rochas semprenegras, soñaría con volverme angazo sucio, respiración dos heroes contra a morte. Sós. Mans de patria. Nación que nos salvou. Se eu fose a luz do mediodía, duraría semanas enteiras nos rostros que non cansan. Para que lles fixesen retratos de epopeas. Colgalos logo nos museos. Velaí os tedos. Xenerais do mar. Liberadores de leiras somerxidas. Heroes desta terra sen panteón. Ollos de amencer. Engurras coma redes. Mulleres e homes sen máis nome que o do sal que respiraron. Ai, se eu fose arroaz, lata de conserva, batea, percebe, ameixa, un polbo tímido... se eu fose unha patria que falece, faría mil rúas cos seus nomes: Pedro, Manuel, María, Elisa, Antonio, Xosefa... Salvadores da decencia! Armada de civismo! Orgullo dos que han vir. E tiraría cen estatuas con cabalos. Agacharía as de homes con gravata. Esculpiría outras de sal e auga. Cos ollos que nos deron a confianza. A valentía. O orgullo do que somos. Pobo húmido. Por sempre. Se eu fose...